



Concello de Cangas

## EXPOSICIÓN “CONTAS CLARAS DE CANGAS” E CONVERSAS PARA PÓR EN MARCHA ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO CONCELLO

Cangas, 19/04/2017

Este **xoves día 20 de abril** inaugúrase ás **20 horas** na entrada do Auditorio de Cangas a exposición Contas Claras de Cangas, unha exposición coa que dar a coñecer o funcionamento das arcas municipais así como os investimentos realizados na actual lexislatura (ano 2016 e a previsión do ano 2017).

A exposición, promovida dende a Concellaría de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo ten dous obxectivos principais:

:: **Facer visibles e comprensibles os datos** do orzamento municipal, un exercicio de transparencia de dentro para fóra.

Para iso os materiais expostos explicarán conceptos básicos para entender o funcionamento dos orzamentos así como a evolución histórica dos mesmos. Existirá tamén un apartado adicado ás áreas de competencia dun concello, é dicir, explicaranse os orzamentos, non só dende o punto de vista das cifras, senón tamén en clave espacial e temporal.

O lugar central da exposición o ocupará un grande esquema (3,00 x 1,50 metros) que desglosará as contas do Concello de Cangas do ano 2016. Ingresos e gastos clasificados, perseguindo así a claridade de lectura e comprensión por parte da veciñanza.

:: Abrir un **espazo de conversa e reflexión** sobre os tipos de investimentos que realiza o concello, sentando así as bases para pór en marcha uns orzamentos participativos no concello.

A exposición conta cunha parte participativa na que, a través de fichas, a veciñanza poderá facer as súas achegas. Polo momento trátase dunha consulta que servirá para ver cales son as demandas potenciais de investimentos na vila. Esta actividade, que ten como nome “**HAI QUE**” convida a facer propostas de gasto, pero tamén a reflexionar sobre o equilibrio orzamentario, é dicir, a persoa participante deberá decidir se financia a súa proposta en base a novas partidas de ingreso ou axusta (recorta) outras xa existentes.



## Concello de Cangas

A inauguración terá lugar o xoves día 20 ás 20:00 horas e estará no Auditorio de Cangas ata o día 3 de Maio, data na que iniciará o seu percorrido polas parroquias, sendo o Hío, Coiro, Aldán e Darbo (nesa orde) os seus seguintes destinos.

A exposición estará acompañada de **reunións presenciais cada xoves ás 20.00 horas**, e contará dunha **audioguía** coa intención de facilitar a lectura da información ao maior número de persoas posible. Grazas a estes materiais a exposición será accesible, bastará cun teléfono móbil para acceder aos materiais audiovisuais.

Queremos convidar a toda a veciñanza e colectivos veciñais, culturais, deportivos, etc., e a todo o tecido asociativo a participar e asistir a esta exposición.

Nos vindeiros días poderase atopar todo o material audiovisual, a audioguía e toda a información da exposición na páxina web do concello ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)) e nas redes sociais ([www.facebook.com/ConcellodeCangas](https://www.facebook.com/ConcellodeCangas) e [www.twitter.com/ConcelloCangas](https://www.twitter.com/ConcelloCangas)).

*Gabinete de comunicación*